

# PREGO DE PRESCRICIÓN ADMINISTRATIVAS E TÉCNICAS

Para a adxudicación mediante procedemento aberto dun contrato de subministración de equipamento técnico.

## PROYECTO 0447\_DIGITAL\_EXPO\_1\_E

**INTERREG VI-A ESPAÑA-PORTUGAL (POCTEP) 2021-2027**  
Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense **EXPOURENSE**

Ourense, 2026

## DATOS IDENTIFICATIVOS DO CONTRATO

Campo	Detalle
Entidade contratante	Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense)
Código do proxecto	0447_DIGITAL_EXPO_1_E
Programa	INTERREG VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027
Tipo de contrato	Contrato de subministración de equipamento técnico
Procedemento de adjudicación	Aberto simplificado
Orzamento total de licitación	42.950,00 € (IVE non incluído)
Período de execución	Ata o 31 de decembro de 2027

## 1. INTRODUCCIÓN AO PROXECTO DIGITAL EXPO

### 1.1. Descrición xeral do proxecto

DIGITAL\_EXPO é un proxecto de cooperación transfronteiriza enmarcado no Programa Operativo FEDER INTERREG VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027. A súa denominación completa é “Dixitalización intelixente e conectada nos recintos feirais e centros expositivos da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal”, co código de proxecto 0447\_DIGITAL\_EXPO\_1\_E.

O proxecto sitúa os recintos feirais e centros expositivos da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal como impulsores activos de procesos de transformación dixital, tanto da súa propia actividade operativa como das pequenas e medianas empresas doutros sectores que conforman o tecido económico deste territorio transfronteirizo. O horizonte temporal do proxecto abrangue desde o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2027.

### 1.2. Marco programático

Parámetro	Detalle
Convocatoria	3ª convocatoria do Programa Interreg España-Portugal (POCTEP 2021-2027)
Área de cooperación	Galicia – Norte de Portugal
Prioridade	P1 – Consolidar o ecosistema de innovación, dixitalización e competitividade empresarial
Obxectivo específico	OE 1.2 – Aproveitar as vantaxes que ofrece a dixitalización
Orzamento total	1.025.875,12 € (cofinanciación FEDER do 75%)
Período de execución	01/01/2026 – 31/12/2027

### 1.3. Partenariado do proxecto

Rol	Código	Entidade	País	Orzamento (€)
BP	ES11117021	Dirección General de Comercio y Consumo (Xunta de Galicia)	España	288.616,71
BE1	PT-CMVC	Câmara Municipal de Viana do Castelo	Portugal	73.375,01
BE2	PT-MPL	Município de Ponte de Lima	Portugal	84.875,72
BE3	PT-MAV	Município de Arcos de Valdevez	Portugal	92.787,31
BE4	ES21130144	Fundación de Ferias e Exposicións de Ourense (Expourense)	España	298.629,21
BE5	ES-UVigo	Universidade de Vigo	España	187.591,16

### 1.4. Obxectivos e plan de traballo do proxecto

O obxectivo central de DIGITAL\_EXPO é acelerar a transformación dixital dos recintos feirais e centros expositivos da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal, converténdoo en catalizadores de innovación ao servizo do tecido empresarial do territorio.

Para alcanzar este obxectivo, o proxecto artículase arredor de seis grandes actividades:

– Actividade 1 – Rede transfronteiriza para a dixitalización (129.406,59 €): Avaliación dos procesos de xestión e comercialización dos recintos feirais con maior potencial de dixitalización, elaboración dun catálogo de tecnoloxías dispoñibles e deseño dunha folla de ruta estratéxica compartida.

– Actividade 2 – *Hub* demostrativo dixital (294.984,87 €): Articulación dun ecosistema colaborativo arredor dunha plataforma dixital, con sesións demostrativas sobre solucións dixitais aproveitando a programación feiral e un observatorio de tendencias tecnolóxicas.

– Actividade 3 – Testeo de tecnoloxías mediante pilotos (337.944,61 €): Implementación de tres pilotos tecnolóxicos nos recintos feirais: xemelgo dixital e IoT, intelixencia artificial aplicada a encontros de negocios, e realidade virtual e aumentada para mellorar a experiencia do usuario.

– Actividade 4 – Transferencia, capacitación e promoción dixital (149.450,30 €): Plan de transferencia de resultados, programa de formación para o sector de eventos e pemes, e deseño e implementación de estratexias de marketing dixital para os recintos da Eurorrexión.

– Actividade 5 – Xestión e coordinación (48.865,35 €): Coordinación técnica, económica e financeira do proxecto, así como seguimento e avaliación das accións.

– Actividade 6 – Visibilidade, transparencia e comunicación (65.223,40 €): Imaxe corporativa e plan de comunicación, xornada de lanzamento e xornada de peche do proxecto.

En este marco, Expourense (BE4) actúa como entidade coordinadora de las actividades 1, 2, 4 (parcialmente) y 6, ostentando un papel de liderazgo en las acciones de mayor visibilidad e impacto externo del proxecto.

Neste marco, Expourense (BE4) actúa como entidade coordinadora das actividades 1, 2, 4 (parcialmente) e 6, ostentando un papel de liderado nas accións de maior visibilidade e impacto externo do proxecto.

## **2. OBXETO DO CONTRATO E NECESIDADE DA ADQUISICIÓN**

### **2.1. Xustificación da adquisición**

A Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense), na súa condición de socio beneficiario do proxecto 0447\_DIGITAL\_EXPO\_1\_E, considera necesario adquirir o equipamento técnico descrito no presente prego para a correcta implementación dos pilotos tecnolóxicos previstos na Actividade 3 do proxecto (Testeo de tecnoloxías mediante pilotos).

A adquisición do equipamento é imprescindible para despregar no recinto feiral de Expourense as solucións tecnolóxicas relacionadas coa monitorización ambiental e IoT, a analítica de vídeo, a visualización de contidos e a interacción con usuarios, en liña cos obxectivos de dixitalización do proxecto DIGITAL\_EXPO.

As especificacións técnicas que se detallan neste prego entenderanse aceptadas expresamente polos licitadores polo mero feito de concorrer ao presente procedemento

## .2.2. Equipamiento obxecto da licitación

O obxecto do presente contrato comprende a subministración, instalación e posta en marcha do seguinte equipamento técnico nas instalacións de Expourense:

Ref.	Descrición	Ud.	Orzamento POCTEP (IVE excl.)
3.1	Sistemas de monitorización ambiental (LoRaWAN CO <sub>2</sub> )	5	Incluído no lote sensorización
3.2	Sistemas de captura e analítica de vídeo (cámaras IP con IA)	2	Incluído no lote sensorización
3.3	Sistemas de captura e analítica de vídeo (cámaras IP con IA)	1	Incluído no lote sensorización
3.4	Infraestrutura de rede (switch xestionable 24p PoE)	1	Incluído no lote sensorización
3.5	Sistema informático de soporte	1	Incluído no lote sensorización
3.6	Plataforma de xestión IoT (licenza 1 ano)	1	Incluído no lote licencias
3.7	Sistema de procesado e integración de vídeo (licenza 1 ano)	1	Incluído no lote licencias
3.11	Pantalla LED P 2,6 Indoor (45 módulos 500x500mm)	1	Incluído no lote pantalla LED
3.12	Procesador de Vídeo	1	Incluído no lote pantalla LED
3.13	Pantalla Táctil 75"	1	Incluído no lote pantallas táctiles
3.14	Soporte co rodas para pantalla 75"	1	Incluído no lote pantallas táctiles
3.15	Pantallas Táctiles 65"	2	Incluído no lote pantallas táctiles
3.16	Soporte giratorio con rodas para pantalla 65"	2	Incluído no lote pantallas táctiles
3.17	Altavoz autoamplificado 800W	2	Incluído no lote son
3.18	Pé de altofalante	2	Incluído no lote son
3.19	Mesa de son dixital 40 canles	1	Incluído no lote son
3.20	Splitter de audio (2 entradas / 8 saídas))	1	Incluído no lote son

### 3. ORZAMENTO DE LICITACIÓN E DURACIÓN DO CONTRATO

#### 3.1. Orzamento de licitación

O valor estimado do contrato, desagregado por lotes, é o seguinte:

Lote	Denominación	Presupuesto POCTEP (IVE excl.)
Lote 1	Equipo de son (altosfalantes, mesa de son, splitter, pés)	2.337,50 €
Lote 2	Pantalla LED P2,6 Indoor + Procesador de vídeo + Soporte	24.537,50 €
Lote 3	Pantalla táctil 75" con soporte	2.665,00 €
Lote 4	Equipamiento de sensorización (hardware + instalación)	5.950,00 €
Lote 5	Pantallas táctiles 65" o tótems (2 ud. + 2 soportes giratorios)	4.480,00 €
Lote 6	Licencias e programas informáticos (Wmix, ThingsBoard, configuración)	2.980,00 €
<b>TOTAL CONTRATO (IVE no incluído)</b>		<b>42.950,00 €</b>

O orzamento total máximo de licitación é de CORENTA E DOUS MIL NOVECIENTOS CINCUENTA EUROS (42.950,00 €), IVE non incluído. O IVE ao tipo do 21% ascende a 9.019,50€, sendo o importe total con IVE de 51.969,50 €.

O pagamento efectuarase mediante factura única, tras a recepción, instalación, configuración e posta en funcionamento satisfactorios da totalidade do equipamento subministrado. A factura será detallada, identificando o obxecto do contrato e o importe correspondente a cada lote ou equipo.

#### 3.2. Duración do contrato

O prazo de execución do contrato será de OITO (8) SEMANAS desde a data de comunicación e aceptación por parte da empresa adjudicataria, e en todo caso antes do 31 de decembro de 2026.

A execución inclúe a subministración, transporte, instalación, configuración e posta en funcionamento de todos os equipos nas instalacións do recinto feiral de Expourense en Ourense.

### 4. PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS DO EQUIPAMIENTO

As especificacións que se detallan a continuación constitúen as características técnicas mínimas esixidas. Os licitadores poderán ofertar equipos de prestacións superiores, sempre que sexan compatibles co resto do sistema. O incumprimento de calquera das especificacións marcadas como mínimas será causa de exclusión automática da oferta.

#### 4.1. Sistemas de monitorización ambiental (5 ud.)

Os equipos destinados á monitorización ambiental deberán permitir a medición continua dos parámetros clave da calidade do aire interior, co obxectivo de facilitar a análise da ocupación e das condicións ambientais do espazo.

Características técnicas mínimas:

- Medición de CO<sub>2</sub> mediante tecnoloxía NDIR.
- Rango mínimo 0–5000 ppm.
- Precisión  $\pm(30 \text{ ppm} + 3\%)$ .
- Medición de temperatura e humidade.
- Pantalla integrada con indicadores visuais.
- Comunicación LoRaWAN EU868.
- Autonomía mínima de 3 anos.
- Instalación sen cableado.

#### 4.2. Sistemas de captura e analítica de vídeo (2 ud.)

Os equipos destinados á captura e análise de vídeo deberán permitir a observación e análise do comportamento e fluxo de persoas no espazo, mediante tecnoloxías de visión artificial, co obxectivo de obter información sobre o uso e distribución da ocupación.

Características técnicas mínimas:

- Resolución mínima 8MP.
- Alimentación PoE.
- IA embebida (detección de persoas, mapas de calor).
- WDR  $\geq 120 \text{ dB}$ .
- Compatibilidade RTSP/ONVIF.
- Protección IP67 e IK10.

#### 4.3. Sistema de comunicación LoRaWAN (1 ud.)

O sistema de comunicación deberá permitir a recepción, xestión e transmisión dos datos procedentes dos dispositivos de sensorización, garantindo a conectividade co sistema de análise e a súa integración coa plataforma IoT.

Características técnicas mínimas:

- Compatibilidade LoRaWAN EU868.
- Conectividad Ethernet.
- Soporte para integración con servidores LoRaWAN (TTN o equivalente).
- Sistema Linux embebido.
- Configuración remota.

#### 4.4. Infraestructura de rede (1 ud.)

A infraestrutura de rede deberá garantir a interconexión de todos os dispositivos do sistema, permitindo unha comunicación estable, segura e continua entre os distintos elementos e a plataforma de xestión.

Características técnicas mínimas:

- Switch gestionable de 24 portos.
- Soporte PoE/PoE+.
- VLAN y QoS.
- Gestión web ou centralizada.
- Funcionamiento continuo 24/7.

#### **4.5. Sistema informático de soporte (1 ud.)**

O sistema informático deberá permitir a xestión, integración e procesado dos distintos elementos do sistema, garantindo o funcionamento das aplicacións de análise e tratamento de datos e vídeo en tempo real.

Características técnicas mínimas:

- Procesador  $\geq$  6 núcleos.
- 16 GB RAM.
- SSD  $\geq$  500 GB.
- Procesado de vídeo en tempo real.
- Ethernet Gigabit.
- Funcionamiento continuo 24/7.

#### **4.6. Plataforma de gestión IoT (1 ud. — licencia mínima 1 ano)**

A plataforma de xestión IoT deberá permitir a supervisión, almacenamento e análise dos datos recollidos polos dispositivos do sistema, facilitando a súa visualización e explotación para a toma de decisións.

Características técnicas mínimas:

- Plataforma baseada en contorno cloud ou equivalente.
- Compatibilidade con protocolos de comunicación estándar (MQTT, HTTP ou equivalentes).
- Visualización de datos mediante dashboards configurables.
- Capacidade de definición de regras e eventos (rule engine ou equivalente).
- Sistema multiusuario con diferentes niveis de acceso.
- Posibilidade de integración con sistemas externos mediante API ou equivalente.
- Arquitectura escalable para futuras ampliacións do sistema.
- Licenza mínima de 1 ano de uso incluída.

#### **4.7. Sistema de procesado e integración de vídeo (1 ud. — licencia mínima 1 ano)**

O sistema de procesado e integración de vídeo deberá permitir a xestión, tratamento e distribución das diferentes fontes de vídeo, facilitando a súa análise e integración co resto do sistema.

Características técnicas mínimas:

- Capacidade de procesado de vídeo en tempo real.
- Compatibilidade con fontes de vídeo IP mediante protocolos estándar (RTSP, NDI o equivalente).
- Posibilidade de visualización simultánea de múltiples fontes (multiview).
- Soporte para resoluciones de ata 4K.
- Capacidad de grabación e emisión de vídeo (streaming).
- Procesado con baixa latencia.

- Funcionamiento independiente da plataforma IoT, garantizando flexibilidad y escalabilidad.
- Licencia mínima de 1 ano de uso incluida.

#### 4.8. Pantalla LED P 2,6 Indoor (1 ud.)

Suministro e instalación de pantalla LED indoor cas siguientes características:

- 45 módulos de pantalla.
- Pixel pitch: 2,60 mm. Tipo de LED: SMD 1515.
- Medida gabinete: 500 mm × 500 mm × 82 mm. Resolución gabinete: 192 × 192 píxeles.
- Medida módulo: 250 mm × 250 mm × 17 mm. Resolución módulo: 96 × 96 píxeles.
- Frecuencia de refresco: 3840 Hz. Escala de grises: 16 bits.
- Ángulo de visión: H 140° / V 140°.
- Brillo: 5000 nits/m<sup>2</sup> (regulable).
- Fonte de alimentación: AC 220 V. Consumo máximo: 200 W. Consumo medio: 80 W.
- Impermeabilidade: IP55.
- Temperatura de traballo: -10 °C ~ +60 °C. Humidade: 10 % ~ 95 %.
- Mantemento traseiro.

#### 4.9. Procesador de vídeo (1 ud.)

Conectores de entrada:

- 1× HDMI 1.3 (IN & LOOP), 1× HDMI 1.3, 1× DVI (IN & LOOP), 1× 3G-SDI (IN & LOOP), 1× puerto de fibra óptica (OPT1).

Conectores de saída:

- 4× portos Ethernet Gigabit. Unha única unidade manexa ata 2,6 millóns de píxeles (anchura máx. 10.240 px / altura máx. 8.192 px).
- 2× saídas de fibra. 1× HDMI 1.3 para monitoreo ou saída de vídeo.

Características funcionales:

- OPT1 autoadaptativo (entrada ou saída segundo o dispositivo conectado).
- Baixa latencia (ata a tarxeta de recepción): 20 liñas con función de baixa latencia e modo Bypass activados.
- 2 capas con tamaño, posición e prioridade axustables.
- Sincronización de saída entre unidades en cascada.
- Tecnoloxía de procesamento SuperView III para escalado sen escalóns.
- Axuste automático de brillo segundo sensor de luz ambiental.
- Ata 10 preaxustes definidos polo usuario.
- Ata 4 unidades en cascada para mosaico de imaxes.
- Tres modos de funcionamento: controlador de vídeo, convertedor de fibra e bypass.
- Calibración de brillo e croma a nivel de píxel (compatible con NovaLCT e software NovaStar).
- Control mediante V-Can, NovaLCT ou panel frontal.

#### 4.10. Pantalla táctil 75" (1 ud.)

Características principales:

- Triple modo de funcionamiento: Android total, Android limitado, Android desactivado.
- Zero Bonding. Android 13, 8 GB de RAM e 128 GB de ROM. Interface Android 4K.
- 2× USB-C: 1 frontal 65 W + 1 lateral 15 W (cable Thunderbolt 3 de 1,8 m incluído).
- Precisión de 1 mm e velocidade 5 ms (Android e Windows).
- WiFi dual (Hot spot + conexión a internet independentes). Multiventá de 4 zonas (inclúe PIP).
- Xestión remota MDM (pago por uso).
- Ferramentas de encerado: recoñecemento de texto manuscrito, formas e liñas (offline), inserción directa de imaxes, vídeos e PDF, formas 2D/3D, táboas, matemáticas, diagramas de fluxo, mapas mentais.
- EsharePRO 4K: proxección sen fíos de ata 9 dispositivos simultáneos en pantalla ata 4K. Compatible con Windows / MAC / Android / iOS / ChromeBook. Mirroring inverso ata 10 dispositivos. Control remoto desde PC.

#### 4.11. Soporte con ruedas para pantalla 75" (1 ud.)

- Soporte móbil con rodas para monitores interactivos de 55" a 98" e ata 100 kg.
- Altura fixa con múltiples opcións de instalación para axustarse ao tamaño do monitor.
- Nova base en forma de V. Deseño con columnas telescópicas.
- Fácil acceso en cadeira de rodas: espazo libre de 85 cm. Cables ocultos dentro das columnas.
- Sistema antirrobo para cadeado ou parafuso de seguridade.

#### 4.12. Pantallas táctiles 65" (2 ud.)

Características idénticas á pantalla táctil 75" (apartado 4.10), adaptadas ao tamaño de 65 polgadas:

- Triple modo de funcionamiento: Android total, Android limitado, Android desactivado. Zero Bonding.
- Android 13, 8 GB de RAM e 128 GB de ROM. Interface Android 4K.
- 2× USB-C: 1 frontal 65 W + 1 lateral 15 W (cable Thunderbolt 3 de 1,8 m incluído).
- Precisión de 1 mm e velocidade 5 ms. WiFi dual. Multiventá de 4 zonas (inclúe PIP).
- Ferramentas completas de encerado e EsharePRO 4K.

#### 4.13. Soporte xiratorio con rodas para pantalla 65" (2 ud.)

- Soporte móbil con rotación de monitor (posición horizontal a vertical e viceversa).
- Regulación de altura. 4 rodas de alta calidade bloqueables.
- Distancia máxima do chan ao centro do monitor: 1600 mm. Distancia mínima: 1060 mm.
- Estante incluído para portátil ou outros accesorios AV. Sistema de xestión de cables.

#### 4.14. Altavoces autoamplificados (2 ud.)

- Caixa acústica biamplificada de dúas vías e 800 W clase D, fabricada en plástico ABS de alta resistencia.
- Altofalante de 15" e motor de compresión de 1,75".
- DSP con 4 ecualizacións e modo normal ou modo monitor.
- Encoder incorporado para modificación de 3 tons de ecualización, frecuencia de corte de subwoofer, valor de delay e activación do modo Bluetooth.
- Mínimo 2 entradas MIC/LINE seleccionables con control de volume independente e unha entrada adicional para dispositivos externos (reprodutores MP3).
- Función TWS vía Bluetooth.

#### 4.15. Pies de altavoz (2 ud.)

- Material: metal. Cor: negro mate.
- Capacidade de carga: 30 kg.
- Diámetro do tubo: 35 mm.
- Altura do soporte: 1200–1800 mm..

#### 4.16. Mesa de sonido digital (1 ud.)

- Transmisión de audio: 16 entradas / 16 saídas a 96 kHz vía USB 2.0 para gravación e reproducción multipista directas.
- Rendemento de 24 bit / 96 kHz con previos de calidade de estudo mellorados.
- Paquete completo de efectos VCM e reverbs REV-X de alta resolución a 96 kHz.
- Gran capacidade de mestura: ata 40 entradas e 20 buses a 96 kHz.
- Ranura de expansión de E/S para tarxetas mini-YGDAI (ata 16 canles adicionais).
- Función Cascade Link para conectar mesas e obter ata 80 canles de entrada.
- Faders motorizados de precisión de 100 mm, memorias de escena con recall safe e global paste.
- Inclúe Cubase AI.

#### 4.17. Splitter de audio (1 ud.)

- 2 entradas e 8 saídas.
- 2 sinais de audio a catro zonas separadas, ou unha única sinal ata 8 saídas.
- Saídas de liña XLR.
- Control de nivel e LEDs de 5 segmentos por saída.

#### 4.18. Funcionalidades del sistema

O sistema completo deberá permitir a obtención, análise e visualización de información relevante sobre o uso do espazo, a partir da integración dos datos procedentes dos distintos dispositivos.:

- Monitorización de CO<sub>2</sub>.
- Análisis de fluxo de persoas.
- Detección de zonas de maior ocupación.
- Visualización de datos en tempo real e histórico.

#### 4.19. Consideracións xerais do sistema

- Sistema escalable e ampliable.
- Compatibilidade entre todos os elementos do sistema.

- Cumprimento da normativa vixente.
- Integración de tecnoloxías de sensorización e analítica para a mellora da fiabilidade dos datos.

#### 4.20. Instalacións e posta en marcha

A implantación do sistema deberá incluír todas as tarefas necesarias para garantir o seu correcto funcionamento desde o momento da súa posta en servizo.

Alcance mínimo:

- Instalación de todos os dispositivos nas localizacións acordadas con Expourense.
- Configuración da rede e dos sistemas de comunicación.
- Integración do sistema completo e verificación da interoperabilidade entre compoñentes.
- Verificación do funcionamento e entrega de documentación técnica.
- Formación básica ao persoal técnico de Expourense.

### 5. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

A oferta presentarase nun **ÚNICO SOBRE** identificado co texto: “Proposta para a subministración de equipamento técnico – Proxecto POCTEP DIGITAL\_EXPO” e enviada ao enderezo postal que se indique na convocatoria publicada na **Plataforma de Contratos Públicos de Galicia (CPG) e na web corporativa de Expourense**

A documentación a presentar estruturarase nos seguintes bloques:

#### 5.1. Documentación administrativa

Presentación breve do licitador e da súa experiencia no campo da subministración e instalación de equipamento técnico audiovisual e IoT, preferentemente con referencias no ámbito de feiras, centros de exposicións, espazos culturais ou proxectos cofinanciados por fondos europeos.

#### 5.2. Propuesta técnica

A proposta técnica presentarase en documento de memoria coa seguinte estrutura:

- BLOQUE 1 – Descrición detallada dos equipos ofertados, con especificacións técnicas comparadas cos mínimos esixidos e fichas de produto ou catálogos dos fabricantes.
- BLOQUE 2 – Planificación da instalación e posta en marcha, con cronograma de entrega, instalación e verificación de funcionamento.
- BLOQUE 3 – Servizo de garantía e posvenda: condicións, alcance e prazos ofertados.

#### 5.3. Propuesta económica

A oferta económica presentarase conforme ao modelo do Anexo I. O orzamento deberá incluír todos os gastos necesarios para a correcta entrega, instalación, configuración, posta en funcionamento e formación básica ao persoal, así como os custos de transporte e instalación nas instalacións do recinto feiral de Expourense.

## 5.4. Plazo de presentación

As ofertas deberán presentarse no prazo de DEZ (10) DÍAS NATURAIS desde a publicación do presente prego na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia (CPG) e na web corporativa de Expourense e, no seu caso, na prensa autonómica.

## 6. PROCEDIMIENTO DE ADJUDICACIÓN

### 6.1. Xustificación do procedemento

Dadas as características do contrato e co obxectivo de garantir que a contratación se axuste aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os candidatos, así como de asegurar o obxectivo de estabilidade orzamentaria e control do gasto, considérase máis adecuado que o procedemento de licitación se efectúe mediante procedemento aberto.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, os interesados poderán consultar a páxina web da entidade: [www.expourense.org](http://www.expourense.org).

### 6.2. Capacidad para contratar

Poderán presentar ofertas para a adjudicación do contrato as persoas físicas ou xurídicas españolas ou estranxeiras, a título individual ou en unións temporais de empresas, con plena capacidade de obrar que non se atopen incursas nalgunha das prohibicións de contratar establecidas no artigo 71.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), e que teñan acreditada a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

### 6.3. Solvencia económica y técnica

Para acreditar a solvencia económica, esixírase que a entidade licitadora acredite un volume anual de negocios que, referido ao mellor exercicio dentro dos tres (3) últimos dispoñibles, sexa polo menos UNHA VEZ E MEDIA o valor estimado do contrato. A acreditación efectuarase mediante contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil ou, alternativamente, mediante xustificante da existencia de seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por un capital equivalente ao valor estimado do contrato.

A solvencia técnica acreditarase mediante declaración responsable de ter executado contratos de natureza similar (subministración e instalación de equipamento técnico audiovisual) nos últimos tres anos, con indicación do importe, data e destinatario, sendo o importe acumulado dos contratos referenciados polo menos igual ao valor estimado do presente contrato.

De conformidade co establecido no artigo 77 da LCSP, non se esixe clasificación. Non obstante, se o licitador conta coa clasificación no Grupo O, Subgrupo 1 Categoría 2, estará exento de acreditar a solvencia económica e financeira e técnica ou profesional.

### 6.4. Mesa de contratación

A Mesa de Contratación será quen decida sobre a adjudicación e estará constituída polos membros do equipo directivo e técnico de Expourense designados para tal efecto.

### 6.5. Criterios de valoración das ofertas

#### A) Criterios obxetivos (ata 100 puntos)

Critério	Descripción e fórmula de valoración	Puntos
Oferta económica	Concederáse o máximo de puntuación (70 puntos) á oferta económica máis vantaxosa. A puntuación das restantes determinarase proporcionalmente: Puntuación = $70 \times (\text{oferta máis económica sen IVE} / \text{oferta a valorar sen IVE})$ . Non se terán en conta as propostas anormalmente baixas conforme ao art. 149 da LCSP.	ata 70 puntos
Prazo proposto de entrega	Valorarase a redución do prazo global respecto ao máximo de <b>8 semanas</b> establecido no prego. A puntuación determinarase proporcionalmente: Puntuación = $20 \times (\text{prazo mínimo ofertado} / \text{prazo a valorar})$ .	ata 20 puntos
Ampliación do prazo de garantía	Valorarase a ampliación do prazo de garantía sobre o mínimo de dous (2) anos esixido no art. 243.3 da LCSP, segundo a fórmula: $V_i = n - 1$ (sendo $n$ = prazo de garantía total ofertado en anos).	ata 10 puntos

## 6.6. Propostas anormalmente baixas

Para os efectos de determinar se unha proposta é anormalmente baixa aplicarase o contemplado no artigo 149 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP 2017).

Considerarase inicialmente como oferta desproporcionada ou anormal aquela oferta económica que sexa inferior en máis de 5 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas admitidas.

Nese caso, concederáse ao licitador un prazo de 5 días hábiles para que xustifique a valoración da súa oferta.

## 6.7. Desempate

Se existise empate na valoración entre dous ou máis licitadores, aplicaranse os seguintes criterios de desempate, por orde de prelación:

- 1.º Empresa que conte no seu cadro de persoal cun número de traballadores fixos discapacitados superior ao 2 %.
- 2.º Empresa que teña implantado un plan de igualdade ou obtivese a Marca Galega de Excelencia en Igualdade, conforme aos artigos 67 e seguintes do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro.

## 6.8. Documentación justificativa

Unha vez realizada a adxudicación, concederáse un prazo máximo de SETE (7) DÍAS HÁBILES ao adxudicatario para presentar a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como calquera outros documentos acreditativos de aptitude que resulten necesarios.

## 7. OBLIGACIÓN DA ENTIDADE ADJUDICATARIA

A entidade adxudicataria asumirá as seguintes obrigas durante toda a vixencia do contrato:

- Executar a subministración e instalación conforme ás especificacións técnicas do prego e ás instrucións de Expourense, garantindo a compatibilidade e integración entre todos os elementos do sistema.
- Transportar, instalar e configurar todos os equipos nas instalacións do recinto feiral de Expourense en Ourense, nas localizacións que se determinen de acordo co responsable técnico da Fundación.
- Verificar o funcionamento correcto da totalidade do equipamento subministrado antes da entrega formal, presentando unha acta de recepción asinada por ambas partes.
- Presentar a documentación técnica completa dos equipos instalados (manuais de usuario, manuais de mantemento, certificados de garantía e, no seu caso, licenzas de software).
- Impartir unha formación básica ao persoal técnico de Expourense para o manexo e mantemento de primeiro nivel dos equipos instalados.
- Ofrecer servizo posvenda e asistencia técnica durante o período de garantía, cun tempo máximo de resposta de 48 horas hábiles para avarías que impidan o funcionamento do sistema.
- Gardar a máxima reserva e segredo sobre toda a información clasificada como confidencial á que acceda en virtude do contrato, comprometéndose a non divulgala nin poñela a disposición de terceiros sen o previo consentimento escrito de Expourense.
- Cumprir coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, en particular co Regulamento (UE) 2016/679 (RXPDP) e a Lei Orgánica 3/2018.
- Axustar, na documentación e materiais de comunicación derivados do contrato, o recoñecemento da cofinanciación europea do Programa POCTEP, conforme ás normas de visibilidade e identidade visual do programa.

## 8. GARANTÍAS

### 8.1. Garantía provisionais

Non se esixe a súa constitución.

### 8.2. Garantía definitiva

De conformidade co establecido no artigo 107 da LCSP, o adxudicatario deberá constituír unha garantía definitiva do 5% do prezo final ofertado (IVE excluído), no prazo de SETE (7) DÍAS HÁBILES a contar desde o día seguinte á notificación da adxudicación.

A garantía esixida poderá formalizarse dalgunha das seguintes formas:

- Transferencia ou cheque bancario a favor da Fundación.
- Aval bancario.

### 8.3. Plazo de garantía del equipamiento

O prazo mínimo de garantía de todos os equipos subministrados e instalados será de DOUS (2) ANOS a contar desde a data de sinatura da acta de recepción satisfactoria do equipamento, ou o superior que, no seu caso, ofrezca o licitador adxudicatario.

Durante o período de garantía, o adxudicatario deberá reparar ou substituír, sen custo adicional para Expourense, calquera equipo que presente defectos de fabricación ou de instalación.

## 9. OUTRAS CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS

Cláusula	Contido
Forma de pago	Emitirase factura única tras a recepción, instalación, configuración e posta en funcionamento satisfactorios da totalidade do equipamento subministrado. A factura será detallada, identificando o obxecto do contrato e importe por lote.
Revisión de prezos	Non procede.
Modificacións do contrato	Non se prevén.
Variantes	Non se admiten.
Subcontratación	Non se admite.
Perfil do contratante	A información sobre o procedemento estará dispoñible en: <a href="http://www.expourense.org">www.expourense.org</a> . e na plataforma de Contratos Públicos de Galicia (CPG).
Responsable do contrato	Desígnase como responsable do contrato o Director Xerente da Fundación.
Consultas administrativas y técnicas	Dirixirse ao enderezo de correo electrónico que se indique no anuncio de licitación publicado na web corporativa de Expourense.

## ANEXO I. MODELO DE OFERTA ECONÓMICA

Dña/D. \_\_\_\_\_, DNI n.º \_\_\_\_\_, actuando  
en nome de \_\_\_\_\_, con CIF n.º \_\_\_\_\_ e domicilio fiscal en  
\_\_\_\_\_, con \_\_\_\_\_ correo electrónico  
\_\_\_\_\_ y teléfono \_\_\_\_\_,

enterado/a de las condiciones y requisitos que se exigen para la adjudicación del contrato de suministro de equipamiento técnico del proyecto POCTEP DIGITAL\_EXPO (0447\_DIGITAL\_EXPO\_1\_E),

COMPROMÉTESE a asumir a ejecución do mesmo, con estrita suxeición aos expresados requisitos e condicións, e á seguinte oferta económica:

Lote	Denominación	Base imponible	IVE (21%)	Total con IVE
Lote 1	Equipo de son			
Lote 2	Pantalla LED P2,6 + Procesador de vídeo + Soporte			
Lote 3	Pantalla táctil TX75S con soporte			
Lote 4	Equipamiento de sensorización (hardware + instalación)			
Lote 5	Pantallas táctiles 65" e tótems (2 ud. + 2 soportes)			
Lote 6	Licenzas e programas informáticos			
TOTAL OFERTA				

Asimismo, DECLARA:

1. Coñecer e aceptar cantas obrigas se derivan das condicións técnicas e administrativas deste contrato.
2. Que o prazo de entrega e instalación ofertado é de \_\_\_\_\_ semanas desde a formalización do contrato.
3. Que o prazo de garantía ofertado para a totalidade do equipamento é de \_\_\_\_\_ anos.
4. Facer constar que na presente licitación (indíquese o que proceda):
  - Non concorre con empresas vinculadas.
  - Concorre coa/s seguinte/s empresa/s (Denominación / CIF):  
\_\_\_\_\_.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

Fdo.: \_\_\_\_\_